

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6307** *Real decreto 283/2021, do 20 de abril, polo que se modifica o Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable a unha serie de medidas recollidas no Programa de apoio ao sector vitivinícola español 2019-2023, presentado polo Reino de España perante a Comisión Europea de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios, no relativo aos programas de apoio no sector vitivinícola, en liñas de actuación diferenciadas, destinadas, entre outras, á promoción en terceiros países, reestruturación e reconversión de viñas e investimentos, que agora se modifica cunha tripla finalidade.

Un primeiro grupo de modificacións das medidas incluídas dentro do Programa de apoio ao viño concéntranse en particular na medida de colleita en verde, sobre a cal se constatou que require unha adaptación urxente para a súa aplicación eficaz en 2021.

O ano 2020, primeiro ano de aplicación efectiva da colleita en verde, viuse condicionado pola crise da COVID-19, que requiriu a aplicación dunha axuda á colleita en verde totalmente excepcional e se instrumentou mediante o Real decreto 557/2020, do 9 de xuño.

Como consecuencia da experiencia adquirida no primeiro ano de aplicación da medida da colleita en verde en 2020 e co obxectivo de establecer as bases para a aplicación desa axuda calquera ano que se precise, púxose de manifesto a necesidade de establecer cambios que faciliten a súa xestión e o aproveitamento do orzamento asignado á medida dunha forma máis eficiente.

Por isto a colleita en verde, cuxa base normativa é o Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, a través desta modificación, presenta unha serie de melloras.

Así, os principais cambios na medida de colleita en verde focalízanse no sistema de puntuación das parcelas de viña obxecto de axuda, onde se estableceron sete criterios de prioridade elixibles, un sistema de desempate en caso de igualdade de puntuación e a modificación na forma de pagamento da axuda que proporciona maior precisión utilizando o rendemento medio da parcela nos tres últimos anos para o cálculo da axuda.

Ademais, deuse unha nova redacción a determinados artigos para evitar a posible creación de condicións artificiais no acceso á axuda e incorporáronse artigos novos para encher os ocos existentes na estrutura de xestión da medida, establecendo prazos e formas de comunicación entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que aseguren que se desenvolva correctamente.

Un segundo grupo de cambios, aínda que o groso das modificacións se encamiña a esa mellora na xestión da colleita en verde, derivan da necesaria adaptación de determinados artigos noutras medidas, tamén presentes no real decreto, como son as de reestruturación e reconversión de viña, investimentos e promoción en terceiros países, como consecuencia da modificación dos regulamentos (UE) n.º 592, 600 e 884, todos eles de 2020.

Así, os cambios derivados da modificación do Regulamento delegado (UE) 2020/884 da Comisión que modifica o Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, mediante a publicación do Regulamento delegado (UE) 2021/374 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2021, engaden elementos de flexibilización que considerar nos controis previos á execución do pagamento da axuda. Desta forma, en casos diferentes aos debidos a causas de forza maior, no suposto de non se teren executado todas as accións que forman

parte da operación global, pero onde se consegue o obxectivo global da operación por se cumpriren os obxectivos estratéxicos e onde as accións executadas forman parte dos obxectivos xerais das solicitudes de axuda aprobadas inicialmente ou modificadas, permítese o pagamento destas accións con redución desta axuda nunha contía igual ás accións non executadas, pero aprobadas inicialmente ou modificadas, se for o caso, sen ter que executar a garantía de boa execución.

Por outra parte, amplíase para o exercicio financeiro 2021 a excepción de aplicar a penalización establecida no artigo 54 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, pola diferenza entre a superficie aprobada e a executada. Ademais, mantéñense para 2021 as flexibilizacións na modificación das operacións de reestruturación e reconversión de viñas e investimentos, establecidas para o exercicio FEAGA 2020 pola crise da COVID-19. A este respecto convén sinalar que a modificación operada é respectuosa cos regulamentos europeos, xa que o cambio para 2021 introducido polo artigo 1.6 do Regulamento delegado (UE) 2021/374, que supón non aplicar nos seus propios termos o artigo 84.6 para o ano 2021, se contén nas disposicións adicionais décimo primeira (para reestruturacións) e décimo terceira (para colleita en verde).

Pola súa parte, a modificación do Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, mediante a publicación do Regulamento delegado (UE) 2021/95 da Comisión, do 28 de xaneiro de 2021, amplía para o exercicio FEAGA 2021 as condicións excepcionais de financiamento establecidas para 2020, dada a situación xerada pola epidemia.

Así mesmo, a modificación do Regulamento de execución (UE) 2020/600 da Comisión, mediante a publicación do Regulamento de execución 2021/78 da Comisión, do 27 de xaneiro de 2021, flexibiliza determinados prazos e procedementos para a colleita en verde no exercicio financeiro 2020 pola crise da COVID, que se amplían ao exercicio 2021 mediante esta modificación.

O terceiro e último grupo de modificacións é consecuencia de melloras derivadas da experiencia na xestión.

Neste senso, na medida de promoción, a consecuencia da última auditoría da Comisión Europea VINR/2020/005/ES, levada a cabo en relación coa aplicación do artigo 54 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, en España, incluíuse un novo número en prol do seu máis exacto cumprimento. Así mesmo, para evitar ambigüidades na xestión, precisouse a definición de empresa vitícola e concretáronse prazos.

Na medida de destilación de subprodutos modificouse a redacción do artigo 54 para precisar o momento en que as destilarías teñen que estar autorizadas.

Na medida de reestruturación e reconversión de viña adaptáronse, con base nas modificacións dos regulamentos mencionados anteriormente, prazos, o incremento temporal da contribución da Unión Europea, o procedemento de pagamento e os controis.

Do mesmo modo, na medida de investimentos, axústase a nomenclatura empregada na redacción do artigo 61 ao indicado na Comunicación 2014/C-249/01 da Comisión, do 31 de xullo de 2014, sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise. Así mesmo, mediante a inclusión dunha nova disposición adicional décimo cuarta, modifícanse determinados prazos para 2021, ás solicitudes presentadas despois do 1 de febreiro de 2018, en particular os aplicables ás modificacións maiores das operacións, á xustificación e solicitude do pagamento e os adiantos de execución.

Lévanse a cabo neste punto, por tanto, modificacións técnicas nos artigos 2.k), 4, 24.1, 39.3, 73.5, 73.6, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82 e 84, engádese un novo número 7 ao artigo 73 e inclúense tres novos artigos 77 bis, 79 bis e 84 bis. Ademais, modifícanse algúns artigos para mellorar a redacción, en concreto os artigos 54.1 de destilación de subprodutos, 61 de investimentos e 84 de colleita en verde.

Adáptanse en consonancia as disposicións adicionais sexta, oitava, décima e décimo primeira. Engádense dúas novas disposicións adicionais, décimo segunda e décimo terceira, para a medida de colleita en verde e unha disposición adicional décimo cuarta para a medida de investimentos e reestruturación de viña (só para 2021).

Finalmente, modifícase o anexo XXV e engádese un novo anexo XXVI.

O presente proxecto consta dun artigo único que recolle as anteriores modificacións e unha disposición derradeira única que establece a entrada en vigor inmediata da norma.

Por outra parte, estase pendente da modificación do Regulamento de execución (UE) 2020/532 da Comisión, que amplía para o exercicio 2021 parte da flexibilidade nos controis que se estableceu para o exercicio 2020, regulamento que será de aplicación directa desde o momento en que a dita modificación sexa publicada no «Diario Oficial de la Unión Europea», polo que non é preciso incluír disposición ningunha ao respecto nesta norma.

A regulación que se contén nesta norma axústase aos principios mencionados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecua ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa que impoña menos obrigacións aos destinatarios. Canto aos principios de seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, esta norma adécua a eles, pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase de acordo coa habilitación prevista na disposición derradeira primeira da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e en aplicación da normativa da Unión Europea, especialmente o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2021,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

O Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, queda modificado como segue:

Un. A alínea k) do artigo 2 queda redactada da seguinte forma:

«k) Empresa vinícola: para efectos da medida de promoción entenderase como empresa vinícola aquela empresa privada en que máis do 50% da facturación provén de produtos do anexo II de acordo co seu último exercicio fiscal fechado ou cuxa produción supere os 500 hl deses produtos, de acordo co seu último exercicio fiscal fechado.»

Dous. Engádesse un novo número 4 no artigo 4, co seguinte contido:

«4. A autoridade competente deberá verificar que os programas se executaron segundo o previsto no artigo 54 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016. Esta verificación efectuarase sobre a solicitude de axuda inicialmente aprobada ou modificada.»

Tres. O número 1 do artigo 24 queda redactado da seguinte maneira:

«1. As comunidades autónomas elaborarán un informe anual do resultado dos programas e controis efectuados que se presentará, antes do 1 de novembro do ano seguinte ao exercicio FEAGA que se trate, ao Comité de avaliación e seguimento da medida previsto no artigo 23.»

Catro. O número 3 do artigo 39 queda redactado da seguinte maneira:

«3. A axuda pagarase segundo o cálculo establecido no artigo 37 e unha vez que se comprobe que a operación se executou totalmente e se axusta á solicitude aprobada ou modificada de acordo co artigo 47.

Non se pagará ningunha axuda correspondente a unha operación na cal non se teña executado algunha acción sen ter autorizada previamente a modificación da operación correspondente pola autoridade competente da comunidade autónoma, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, ou salvo que os controis demostren que se atinxiu o obxectivo da operación, tal e como indica o número 2 do artigo 54 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Se se comprobar nos controis que a operación global que figura nunha solicitude de axuda inicialmente aprobada ou modificada non se executou totalmente, pero si se atinxiu o obxectivo xeral da operación, pagarase a axuda correspondente ás accións individuais que se teñan executado e aplicarase unha penalización do 100 % do importe asignado inicialmente a aquelas accións que figuren na solicitude de axuda inicialmente aprobada ou modificada que non se teñan executado totalmente.

Se non se lograr o obxectivo da operación global, e no caso de que xa se abandonasen axudas por accións individuais que formen parte da operación global contida na solicitude de axuda, non se concederá ningunha axuda e exixirase o reintegro das cantidades correspondentes ás accións individuais non executadas.

Se non se lograr o obxectivo da operación global, non se concederá ningunha axuda.»

Cinco. O número 1 do artigo 54 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os destiladores que desexen participar neste réxime de axudas deberán estar autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio estean radicadas as instalacións de destilación, para actuar no marco do artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, con carácter previo á data de entrada dos subprodutos á destilaría para os cales se queira solicitar a axuda.

Así mesmo, deberán estar debidamente inscritos no rexistro territorial a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e dispor do código de actividade e do establecemento (CAE) previsto no artigo 41 do mesmo regulamento.»

Seis. O último parágrafo do artigo 61 queda redactado da seguinte maneira:

«Non se concederá a axuda ás empresas en situación de crise segundo se definen na Comunicación 2014/C-249/01 da Comisión, do 31 de xullo de 2014, sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise.»

Sete. Modifícanse os números 5 e 6 e engádese un novo número 7 no artigo 73, que quedan redactados da seguinte maneira:

«5. Se se comprobar mediante os controis que se executaron todas as accións que forman parte da operación global cuberta pola solicitude de axuda inicialmente aprobada ou modificada, aboarase a axuda solicitada. Así mesmo, poderá pagarse a axuda correspondente ás accións individuais executadas se os controis demostran que as accións restantes non puideron realizarse por causa de forza maior ou circunstancias excepcionais segundo o teor do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2003, ou se os controis demostran que, aínda que as accións restantes non se levasen a cabo, se atinxiu o obxectivo xeral da operación, é dicir, que se

cumpren os obxectivos estratéxicos da operación e que as accións executadas forman parte dos obxectivos xerais indicados na solicitude de axuda.

6. Se se comprobar nos controis que a operación global que figura nunha solicitude de axuda inicialmente aprobada ou modificada non se executou totalmente pero si se atinxiu o obxectivo xeral da operación, pagarase a axuda para as accións individuais que se executasen de conformidade co número 5 e aplicarase unha penalización do 100 % do importe asignado inicialmente a aquelas accións que figuren na solicitude de axuda inicialmente aprobada ou modificada e non se executasen totalmente.»

«7. Se non se lograr o obxectivo da operación global, non se concederá ningunha axuda e, en función da convocatoria a que corresponda a operación, executarase a garantía de boa execución, de acordo ao artigo 73 bis ou iniciarase o procedemento sancionador correspondente, se for o caso.

No caso de que xa se aboasen axudas por accións ou actuacións individuais que formen parte da operación global contida na solicitude de axuda, exixirase o reintegro das cantidades aboadas máis os xuros correspondentes.»

Oito. O artigo 76 queda redactado como segue:

«Artigo 76. *Ámbito de aplicación.*

1. A axuda á colleita en verde establecida no artigo 47 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, será de aplicación ás viñas que se destinen á produción de uva para vinificación.

2. Entenderase como colleita en verde a destrución ou eliminación total dos acios de uvas cando aínda están inmaturos, de maneira que se reduza a cero o rendemento da parcela, sen que poidan existir uvas sen vendimar na parcela de viña obxecto da axuda. A colleita en verde terá como finalidade evitar crises de mercado e recobrar o equilibrio da oferta e a demanda no mercado vitivinícola.

3. As comunidades autónomas que queiran aplicar a medida de colleita en verde deberán remitir antes do 15 xaneiro de cada ano unha solicitude debidamente xustificada á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

4. No caso de existir algunha solicitude mencionada no parágrafo anterior, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios realizará unha análise de mercado mediante a cal poderá decidir conceder unha axuda á colleita en verde nunha parte ou na totalidade do territorio nacional.

Antes do 30 de xaneiro dese ano, mediante resolución que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios fixará unha asignación orzamentaria coa finalidade de retirar un volume de viño que permita recobrar o equilibrio do mercado.»

Nove. O artigo 77 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 77. *Beneficiarios.*

1. Poderanse acoller á axuda á colleita en verde os viticultores cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación. No momento de solicitar a axuda deben estar inscritos no Rexistro Vitícola os viticultores, como explotadores/cultivadores, así como as súas parcelas obxecto de solicitude de axuda.

2. Non poderán ser beneficiarios:

a) Os que contraveñan a normativa vixente tanto en materia de plantacións de viña para calquera das superficies de viña da súa explotación como en materia das declaracións obrigatorias segundo o artigo 18 do Regulamento delegado (UE) 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que

atinxe ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, o rexistro vitícola, os documentos de acompañamento, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións obrigatorias, as notificacións e a publicación da información notificada, e polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos controis e sancións pertinentes, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 555/2008, (CE) n.º 606/2009 e (CE) n.º 607/2009 da Comisión e polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 436/2009 da Comisión e o Regulamento delegado (UE) 2015/560 da Comisión.

b) Aqueles viticultores que, unha vez aprobada a axuda en exercicios anteriores no marco do PASVE 2019-2023, non solicitasen o pagamento dentro do prazo establecido pola comunidade autónoma, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais segundo se recolle no artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común.

c) Aqueles viticultores que renunciasen á axuda en exercicios anteriores no marco do PASVE 2019-2023, unha vez aprobada, excepto que comunicasen a renuncia dentro do prazo establecido pola comunidade autónoma en virtude do artigo 81.2 para tal efecto, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais segundo se recolle no artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e nos casos excepcionais que estableza a correspondente comunidade autónoma na súa normativa.

d) Se se demostrar que os solicitantes da axuda crearon artificialmente as condicións exixidas para cumprir os criterios de admisibilidade ou de prioridade establecidos no presente real decreto, en aplicación do disposto no artigo 60 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

En calquera caso, non poderán percibir estas axudas os que incumpran calquera dos requisitos previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Dez. Engádesse un artigo 77 bis, co seguinte contido:

«Artigo 77 bis. *Accións subvencionables.*

O apoio á colleita en verde só poderá concederse para estes tres tipos de vendima:

- a) Manual.
- b) Mecánica.
- c) Química.»

Once. O artigo 78 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 78. *Requisitos de admisibilidade.*

1. Só poderán acollerse á axuda á colleita en verde as solicitudes de parcelas que se destinen á produción de uva para vinificación, as cales deberán ter sido plantadas previamente ás tres campañas anteriores a aquela en que se solicita a axuda.

Entenderase por «parcela» obxecto de axuda para a colleita en verde a superficie continua de viña identificable alfanumérica e graficamente.

2. As solicitudes poderán conter unha ou máis parcelas.

Ademais:

- a) A superficie por parcela será igual ou superior a 0,3 hectáreas (ha).

Non obstante, as comunidades autónomas poderán establecer límites superiores ou inferiores sempre que neste último suposto o tamaño medio das parcelas de viña

desa comunidade sexa inferior a 0,3 ha. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán establecer un límite inferior só para determinadas rexións vitícolas diferenciadas dentro da súa comunidade autónoma, sempre que dispoñan de datos obxectivos que xustifiquen a dita redución para esa rexión en particular.

b) A superficie máxima por solicitude obxecto de resolución aprobatoria será de 10 ha por viticultor e ano. Non obstante, as comunidades autónomas poderán reducir a superficie máxima por viticultor e ano.

3. Non poderá recibir axuda á colleita en verde unha mesma parcela de viña en dúas campañas consecutivas, conforme o establecido no artigo 22 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

4. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes baseándose nos criterios de admisibilidade establecidos no artigo 19 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

5. Ás solicitudes que non cumpran os requisitos de admisibilidade aplicaráselles o artigo 23.6 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión.»

Doce. O artigo 79 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 79. *Presentación de solicitudes de axuda.*

1. Unha vez publicada a resolución indicada no artigo 76.4, as comunidades autónomas onde se vaia aplicar a colleita en verde establecerán un prazo para presentar as solicitudes de axuda, que non poderá comezar antes do 15 nin acabar despois do 30 de abril de cada ano.

2. As solicitudes dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as parcelas de viña onde se solicite realizar a colleita en verde.

No caso de persoas xurídicas, presentaranse electronicamente nos correspondentes rexistros electrónicos de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No caso de persoas físicas, poderán presentar as súas solicitudes tanto de forma electrónica como de maneira presencial.

O modelo de solicitude e o prazo de presentación serán os que determine o órgano competente da comunidade autónoma correspondente. Cada solicitude poderá incluír unha ou máis parcelas.

3. Os viticultores deberán achegar, xunto coa solicitude de axuda, como mínimo, a identificación do solicitante, e para cada unha das parcelas incluídas na solicitude de axuda deberá indicarse:

a) Identificación, localización e superficie.

b) O rendemento medio por parcela de viña, considerando a media das tres últimas campañas finalizadas, salvo que esa información xa estea en poder da comunidade autónoma.

No caso de non se coñeceren as producións específicas das parcelas obxecto da solicitude de axuda, o rendemento medio calcularase tendo en conta a produción total declarada segundo o tipo de viño, dividido entre a superficie total declarada para ese tipo de viño. Esta produción total segundo o tipo de viño corresponde á declarada segundo a desagregación de datos de viña recollida no cadro B do anexo I b do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.

c) A variedade de uva e o tipo de viño producido segundo a declaración de colleita da campaña anterior, salvo que esa información xa estea en poder da comunidade autónoma.

d) Se for o caso, o documento de inscrición na correspondente denominación de orixe protexida (DOP) ou indicación xeográfica protexida (IXP), salvo que esa información xa estea en poder da comunidade autónoma.

No caso de que unha DOP ou IXP non inscriba os viticultores nin as súas parcelas, a comunidade autónoma poderá considerar dar validez á achega doutra documentación sempre que quede acreditado e poida establecerse a correlación parcela-viticultor-adega a que entrega a produción, que a adega si está inscrita, que a produción que entrega e rexistra a adega se corresponde coa da parcela para a cal quere solicitar axuda o viticultor e que as uvas desa parcela se destinan á produción de viño amparado por unha DOP ou unha IXP.

e) Forma de realización da colleita en verde (medios propios ou por empresa) e método que se vai aplicar (manual, mecánico e/ou químico).

f) Se a parcela pertence a explotacións de titularidade compartida, conforme a Lei 35/2011, do 4 de outubro, de titularidade compartida das explotacións agrarias.

g) No caso de que o viticultor non sexa o propietario da parcela, deberá achegar unha autorización por parte do propietario, ou documento xustificativo equivalente, salvo que xustifique debidamente ante a autoridade competente que non é necesario.

As comunidades autónomas poderán solicitar a documentación adicional que consideren oportuna ao respecto.»

Trece. Engádesse un artigo 79 bis, co seguinte contido:

«Artigo 79 bis. *Procedemento de selección.*

1. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes canto á súa conformidade con este real decreto e requirirán ao solicitante, se for o caso, a presentación da documentación ou información que se deba emendar, ou da adicional pertinente, de acordo e cos efectos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O procedemento de selección realizarase por parcelas. As comunidades autónomas elaborarán unha lista provisoria coas parcelas seleccionadas e ordenadas de acordo cos criterios de prioridade establecidos no artigo 80.

As eventuais alegacións que puidesen presentar os solicitantes despois da presentación da solicitude de axuda deberán ter sido valoradas polas autoridades competentes das comunidades autónomas antes da elaboración da lista definitiva de parcelas ordenadas por prioridade no seu ámbito territorial.

3. Antes do 7 de xuño do ano en que se vaia aplicar a colleita en verde, as comunidades autónomas comunicarán segundo o establecido no anexo XXV e en formato electrónico, a lista definitiva de parcelas admisibles e ordenadas por prioridade segundo o artigo 80 á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios. A dita comunicación irá asinada polo órgano competente da comunidade autónoma.

4. A partir da información remitida polas comunidades autónomas no número anterior, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios elaborará a proposta de lista definitiva de parcelas admitidas e comunicará a cada comunidade autónoma antes do 15 xuño as súas parcelas admitidas tendo en conta o seguinte:

a) No caso de que o orzamento dispoñible para a medida sexa maior que o importe total solicitado, asignarase a cada parcela o importe da axuda solicitada.

b) En caso de que o orzamento dispoñible para a medida sexa menor que o importe total solicitado, darase prioridade ás parcelas que teñan maior puntuación na valoración, até esgotar o orzamento.

c) En caso de empate, darase prioridade ás parcelas de maior superficie e, se persiste o empate, ás presentadas en primeiro lugar segundo data, hora, minuto e segundo do rexistro de entrada.»



Catorce. O artigo 80 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 80. *Criterios de prioridade.*

1. As comunidades autónomas poderán elixir a aplicación de dous ou máis dos seguintes criterios de prioridade, tendo en conta que debe incluírse, ao menos, un criterio de cada unha das dúas categorías de criterios que se estableceron.

A selección destes criterios basearase na estratexia e nos obxectivos específicos establecidos por cada comunidade autónoma no seu territorio e deberán estar incluídos no Programa nacional de apoio.

Categoría de criterios de prioridade ligados á parcela:

a) Parcelas inscritas nunha figura de calidade diferenciada (DOP/IXP) e cuxa produción fose destinada á elaboración de viño para esa DOP ou IXP, ao menos, nas dúas campañas previas á campaña de aplicación da colleita en verde. A comunidade autónoma asignará un máximo de 3 puntos a este criterio, que se deberá repartir entre as figuras de calidade diferenciada (DOP/IXP), en función da estratexia que defínese no seu territorio. A puntuación asignada a cada figura de calidade en ningún caso poderá ser cero.

b) Tipo de uva tinta ou branca. A comunidade autónoma asignará un máximo de 4 puntos a este criterio, repartidos entre os dous tipos de uva, en función da estratexia definida para o seu territorio. En caso de que coexistan uva tinta e branca na parcela, asignarase a puntuación correspondente ao tipo de uva que ocupe a maior superficie para cada parcela. A puntuación asignada a cada tipo de uva en ningún caso poderá ser cero.

c) Variedade de uva de vinificación. A comunidade autónoma establecerá tres variedades prioritarias. Asignará un máximo de 6 puntos a este criterio, repartidos entre as 3 variedades prioritarias establecidas, en función da estratexia definida para o seu territorio. En caso de que coexistan diferentes variedades de uva na parcela, asignarase a puntuación correspondente á variedade de uva que ocupe a maior superficie da parcela. A puntuación asignada a cada variedade en ningún caso poderá ser cero.

d) Superficie da parcela. A comunidade autónoma que decida escoller este criterio de prioridade calculará o tamaño medio das parcelas do seu rexistro vitícola e asignará 2 puntos a aquelas parcelas que, en función da estratexia definida para a súa comunidade autónoma, desexe priorizar ou as de superficie inferior ao valor medio calculado ou as de superficie superior ao valor medio calculado.

e) Método de eliminación. A comunidade autónoma asignará un máximo de 6 puntos a este criterio repartidos entre os tres métodos de eliminación (mecánica, química e manual), en función da estratexia definida para o seu territorio. As parcelas onde se combinen varios métodos de eliminación obterán a puntuación do método de eliminación que maior superficie supoña sobre esa parcela. Para poder elixir este criterio de prioridade, a comunidade autónoma deberá permitir na súa orde de convocatoria ao menos dous tipos de eliminación. A puntuación asignada a cada un dos métodos en ningún caso poderá ser cero.

Categoría de criterios de prioridade para cada parcela ligados ao solicitante. Estes criterios de prioridade deberán estar cumpridos ao inicio do período de solicitude da axuda establecido pola comunidade autónoma.

f) Viticultor mozo, entendendo como tal aquel solicitante que non teña máis de 40 anos de idade no ano en que presenta a solicitude de axuda (puntuarase con 4 puntos).

Cando o solicitante sexa unha persoa xurídica e este criterio non poida ser verificado directamente, esta condición deberana cumprir ao menos o 50% das persoas físicas co poder de decisión dentro da persoa xurídica, o que exige que a súa participación no capital social da persoa xurídica sexa máis da metade do capital social total ou que posúan máis da metade dos dereitos de voto dentro dela.

g) Explotacións inscritas no rexistro de titularidade compartida de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro (puntuarase con 3 puntos).

2. As comunidades autónomas poderán establecer un criterio adicional máis en cada categoría, baseado na estratexia e nos obxectivos específicos establecidos por cada comunidade autónoma no seu territorio e deberán estar incluídos no Programa nacional de apoio. A puntuación máxima para cada criterio adicional será de 2 puntos.

3. A puntuación por parcela non poderá superar os 23 puntos.

4. Antes do 1 maio do ano anterior a aquel en que se aplique a colleita en verde, as comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios os criterios de prioridade que van aplicar no seu territorio e as súas respectivas puntuacións, para a súa inclusión no Programa nacional de apoio, no marco das modificacións que se permiten facer nel, segundo o artigo 2 e de acordo co artigo 3 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión.»

Quince. O artigo 81 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 81. *Aprobación e notificación de solicitudes.*

1. As comunidades autónomas resolverán as solicitudes e notificaranas aos interesados antes do 30 de xuño.

Contra a resolución da comunidade autónoma poderá interperse o correspondente recurso en vía administrativa ou contencioso-administrativa, en función de que non esgote ou esgote a vía administrativa.

2. As comunidades autónomas establecerán un prazo de presentación de renuncias das solicitudes aprobadas, sempre que non sexa superior a 10 días despois da data de notificación da resolución aprobatoria da axuda.»

Dezaseis. O artigo 82 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 82. *Controis.*

1. Os controis sobre o terreo efectuaranse en todas as parcelas a que se concedese a axuda á colleita en verde.

2. A fin de que poidan efectuarse os controis oportunos, os beneficiarios comunicarán á autoridade competente a data de execución da colleita en verde, que deberá realizarse antes do 16 de xullo. A comunidade autónoma poderá establecer unha data anterior se así o considera oportuno.

3. De acordo co artigo 43 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, os controis realizaranse antes do 31 de xullo de cada ano.

4. Para os efectos do cumprimento do artigo 18 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, as comunidades autónomas deberán garantir que as superficies consideradas se manteñan en boas condicións vexetativas e que se cumpran as disposicións ambientais e fitosanitarias.»

Dezasete. O artigo 83 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 83. *Cálculo da axuda.*

1. A axuda á colleita en verde calcularase sumando unha compensación polos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uvas e outra compensación pola perda de ingresos vinculada á destrución ou a eliminación dos acios de uva, axustándose ao establecido no artigo 9 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión.

2. As comunidades autónomas que prevexan a solicitude desta axuda deberán calcular, segundo o método de compensación que apliquen e conforme o número 4 deste artigo:

a) Unha compensación pola perda de ingresos por cada parcela obxecto de axuda, que será como máximo o 50 % do valor medio da uva das tres últimas campañas na parcela obxecto da axuda.

b) O importe máximo ou baremo estándar de custo unitario por hectárea para os custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uva para cada unha das formas de eliminación (manual, mecánica ou química).

En caso de utilizar varios métodos de eliminación de acios nunha mesma parcela, a axuda calcularase con base no importe establecido para o método de eliminación máis barato.

3. De conformidade co artigo 47.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, a axuda á colleita en verde non poderá superar o 50 % da suma dos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uvas máis a perda de ingresos vinculada á dita destrución ou eliminación.

4. As comunidades autónomas poderán decidir, conforme o establecido no artigo 44.1 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, que o pagamento da axuda se realice:

a) Con base nos documentos xustificativos presentados polos beneficiarios e tendo en conta os importes máximos subvencionables que cada comunidade autónoma determine no seu ámbito territorial segundo o método de colleita en verde que se aplique. A axuda concedida basearase no menor dos dous importes, o presentado polos beneficiarios ou o importe máximo subvencionable establecido.

Para o establecemento dos importes máximos cumprírase o indicado nos tres últimos parágrafos do artigo 44.1 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

b) Con base nos baremos estándar de custos unitarios previamente establecidos por cada comunidade autónoma.

Para o cálculo e establecemento dos valores dos baremos estándar de custos unitarios terase en conta o establecido no artigo 24 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión. Este cálculo, se for o caso, incluírá o valor das contribucións en especie.

5. Segundo o establecido no artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, as contribucións en especie en forma de provisión de traballo que non fosen obxecto de ningún pagamento en efectivo xustificadas con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente poderán optar á axuda sempre que a comunidade autónoma o prevexa e o comunique á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, para a súa comunicación á Comisión no Programa nacional de apoio. En caso de aplicar máis dun método de eliminación na mesma parcela, a contribución en especie calcularase tendo en conta o importe de eliminación máis barato.

Para efectos do cálculo do importe da axuda correspondente ás contribucións en especie, teranse en conta os números 2.b), 3.b) e 3.c) do artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

6. Antes do 1 de maio do ano anterior a aquel en que se vaia levar a cabo a colleita en verde, as comunidades autónomas que prevexan executar esta axuda deberán comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios a forma de pagamento que vaian aplicar e a seguinte información mínima para que poidan ser recollidas no Programa nacional de apoio, a fin de cumprir co establecido no artigo 3.a).vi) do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión:

a) Cando o pagamento vaia efectuarse sobre a base dos xustificantes presentados polos beneficiarios, as comunidades autónomas deberán establecer e comunicar os seus límites máximos para cada método de colleita. Estes límites serán publicados na súa respectiva convocatoria de axuda.

b) Cando o pagamento se basee nos baremos estándar de custos unitarios, deberá comunicarse o seu valor e, ademais, a información referida ao método de cálculo, a metodoloxía de actualización periódica e, se for o caso, os valores que fosen actualizados.

c) Cando estea previsto o pagamento de contribucións en especie, o valor do traballo propio, o método de cálculo e a súa adaptación anual, se procede.

7. Cando a axuda se pague con base nos xustificantes de pagamento que presenten os beneficiarios, previamente á aprobación da solicitude de axuda as autoridades competentes deberán avaliar os custos das accións propostas en cada operación e que se cumpre a moderación de custos.

A moderación de custos avaliarase mediante, ao menos, un dos seguintes sistemas, ou unha combinación destes:

a) Comparación de diferentes ofertas: con carácter xeral, o solicitante deberá achegar xunto coa solicitude de axuda, e con carácter previo á execución da operación, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores.

Deberase avaliar, ao menos, a independencia das ofertas, que os elementos das ofertas sexan comparables, así como a claridade e o detalle da súa descrición. A escolla entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficacia e economía, xustificando expresamente a escolla cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa, así como, se for o caso, a inexistencia de suficientes provedores.

b) Custos de referencia: a autoridade competente establece ou utiliza unha base de datos de prezos de referencia. Esta base de datos deberá ser completa, estar suficientemente detallada, actualizarse periodicamente e garantir que os prezos reflectan os prezos de mercado.

c) Comité de avaliación: se se establece un comité de avaliación ou se leva a cabo un estudo de mercado, deberá terse en conta a experiencia dos membros do comité na área correspondente. O traballo do comité deberá documentarse correctamente.»

Dezaioito. O artigo 84 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 84. *Pagamento da axuda aos beneficiarios.*

1. Os beneficiarios solicitarán o pagamento da axuda segundo o establecido pola comunidade autónoma. Esta poderá considerar a comunicación da data de execución da colleita en verde como a solicitude de pagamento da axuda.

2. A axuda pagarase polo importe calculado segundo o artigo 83, e unha vez que se comprobouse sobre o terreo que se executou correctamente a operación.

3. Unha vez aprobada a axuda, se como consecuencia dun desastre natural, segundo as definicións recollidas nos números 9 e 16 do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea se produce a perda total ou parcial da produción antes da data de colleita en verde, a axuda non se pagará.

Para efectos do cumprimento do parágrafo anterior, considerarase que existiu un desastre natural cando por condicións meteorolóxicas como as xeadas, a sarabia, as chuvias ou a seca se destrúa máis do 30 % da produción, calculada como a media anual dun agricultor determinado durante o trienio precedente ou dunha media trienal baseada nos cinco anos anteriores que exclúa a cifra máis elevada e a cifra máis baixa.

4. Para determinar o importe de axuda pola colleita en verde dunha superficie de viña, as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela en que se

realizou a colleita en verde seguindo o método exposto no artigo 44.1 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión.

5. En caso de utilizar varios métodos de eliminación de acios nunha mesma parcela, a axuda pagarase con base no importe establecido para o método de eliminación máis barato.

6. Se o viticultor non executa a operación na superficie total para a cal se aprobou a axuda, terase en conta a diferenza entre a superficie aprobada e a superficie realmente executada determinada polos controis sobre o terreo. Se esta diferenza non supera o 20 %, a axuda calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo. Se a diferenza é superior ao 20 %, pero igual ou inferior ao 50 %, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo e reducida no dobre da porcentaxe a diferenza comprobada. O beneficiario non terá dereito á axuda en caso de que esta diferenza de superficies supere o 50 %.

7. En ningún caso poderá entenderse como executada a colleita en verde nunha parcela se esta non foi efectuada na parcela completa e se eliminaron todos os acios de uva, segundo o do establecido no número 1 do artigo 47 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

8. Unha vez efectuados os controis, a comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento ao beneficiario o antes posible, de acordo co establecido no presente artigo, e, o máis tardar, nun prazo máximo de doce meses desde a data da presentación da solicitude de pagamento válida e completa.»

Dezanove. Engádese un artigo 84 bis, co seguinte contido:

«Artigo 84 bis. *Comunicacións.*

As comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual sobre a aplicación da colleita en verde, segundo o anexo XXVI.»

Vinte. A disposición adicional sexta queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sexta. *Consideración da pandemia provocada polo virus SARS-CoV-2 como causas de forza maior.*

Para todas as medidas do PASVE, decláranse motivo de causa de forza maior as consecuencias da pandemia provocada polo virus SARS-CoV-2.

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar a necesidade de acollerse á fórmula «salvo causa de forza maior» nos termos establecidos na disposición adicional quinta e as comunidades autónomas deberán establecer as cautelas necesarias ao respecto.»

Vinte e un. A disposición adicional oitava queda redactada como segue:

«Disposición adicional oitava. *Financiamento excepcional da medida de reestruturación e reconversión de viñas en relación coa crise sanitaria provocada pola COVID-19.*

En aplicación dos artigos 6 e 10 do Regulamento delegado (UE) 2020/592 da Comisión, no correspondente ás solicitudes de axuda que deben ser aprobadas no exercicio 2021, en caso de seren aprobadas antes do 16 de outubro de 2021 o tipo de axuda aplicable, en substitución do establecido artigo 37.4, poderá incrementarse:

a) Ao 60 por cento nas comunidades autónomas distintas das rexións menos desenvolvidas.

b) Ao 80 por cento nas comunidades autónomas clasificadas como rexións menos desenvolvidas.»

Vinte e dous. Modifícase a disposición adicional décima, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional décima. *Modificación das operacións de reestruturación e reconversión de viñas e investimentos en casos debidamente xustificadas relacionados coa crise sanitaria provocada pola COVID-19.*

Nos exercicios 2020 e 2021 serán admisibles, en casos debidamente xustificadas relacionados coa crise sanitaria provocada pola COVID-19, e referentes ás operacións en curso, a presentación de modificacións que non afecten nin a elixibilidade dalgunha parte da operación nin os seus obxectivos, e non supoñan un incremento de orzamento inicialmente aprobado. Os beneficiarios comunicarán tal modificación á autoridade competente antes da presentación da solicitude de pagamento final da operación e, en todo caso, antes dos controis sobre o terreo previos ao pagamento final. Non será necesaria a autorización previa á súa execución, aínda que si deberán ser avaliadas. Os beneficiarios deberán notificar tales modificacións á autoridade competente da comunidade autónoma nos prazos fixados por estas.

Así mesmo, e para os exercicios 2020 e 2021, os beneficiarios poderán presentar modificacións que alteren os obxectivos estratéxicos ou xerais con que foi aprobada a operación, sempre que as accións individuais xa iniciadas sexan completadas. Estas modificacións requirirán a autorización da autoridade competente con carácter previo á súa execución mediante resolución favorable expresa.

Cando os beneficiarios por causas de forza maior non poidan executar todas as accións que formen parte da operación inicialmente aprobada ou modificada, poderán solicitar o pagamento das accións completamente finalizadas, sempre que comunicasen á autoridade competente esta modificación da súa operación. En calquera caso, con carácter previo ao pagamento, deberán efectuarse os controis administrativos e sobre o terreo que verifiquen a execución desas accións.»

Vinte e tres. A disposición adicional décimo primeira queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo primeira. *Excepción, no exercicio 2021, á redución da axuda á reestruturación e reconversión de viñas cando as operacións non se executan na superficie total para a cal se solicitou a axuda.*

Para o exercicio 2021 non serán de aplicación as reducións da axuda ás cales se fai referencia no artigo 39.4 do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, e do Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro. A axuda pagarase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo previos ao pagamento final.»

Vinte e catro. Engádese unha disposición adicional décimo segunda, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo segunda. *Colleita en verde no ano 2021.*

1. Debido a que os efectos da crise sanitaria desencadeada en 2020 pola COVID-19 se manteñen en 2021, se for preciso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación decidirá habilitar a medida da colleita en verde no ano 2021 mediante resolución, co obxectivo de recobar o equilibrio entre a oferta e a demanda, logo de consulta ás comunidades autónomas.

2. A resolución mencionada no parágrafo anterior incluírá o orzamento que se destinará á medida de colleita en verde en 2021 e os prazos correspondentes.

3. En caso de ser habilitada a colleita en verde en 2021, para os solicitantes da colleita en verde no ano 2021 non será de aplicación o artigo 77.2 c).

4. No caso de ser habilitada a colleita en verde en 2021, aquelas parcelas que pertencen a unha DOP segundo o criterio de prioridade establecido no artigo 80.1.a) e que non recibisen axuda á colleita en verde en 2020, obterán un punto máis nese criterio de prioridade para a vendima en verde en 2021.»

Vinte e cinco. Engádesse unha disposición adicional décimo terceira, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo terceira. *Excepcións á porcentaxe de financiamento e ao pagamento da axuda á colleita en verde para o ano 2021.*

1. Poderase aplicar a colleita en verde na mesma parcela de viña que o ano anterior.

2. A colleita en verde pagarase pola superficie determinada polos controis sobre o terreo previos ao pagamento final, sen que sexan de aplicación as reducións da axuda establecidas no número 6 do artigo 84.

3. Non obstante o disposto no número 3 do artigo 83, a axuda á colleita en verde non poderá exceder o 60 % da suma dos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uvas máis a perda de ingresos vinculada a esa destrución ou eliminación.

4. Non obstante o disposto no número 2a) do artigo 83, a compensación por perda de ingresos será como máximo o 60 % do valor medio da uva das tres últimas campañas na parcela obxecto da axuda.»

Vinte e seis. Engádesse unha disposición adicional décimo cuarta, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Prazos referentes á medida de apoio a investimentos e reestruturación de viña para 2021.*

Os seguintes prazos serán de aplicación ás solicitudes presentadas a partir do 1 de febreiro de 2018 na medida de apoio aos investimentos, prevista na sección 4.<sup>a</sup> do capítulo II.

1. O prazo en que os beneficiarios poderán solicitar as modificacións maiores, a que se refire o artigo 70.4, amplíase até o 26 de abril de 2021, inclusive, ben que a autoridade competente da comunidade autónoma poderá considerar outros prazos máis restritivos.

2. O prazo para que as comunidades autónomas comuniquen á Dirección Xeral da Industria Alimentaria de Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as modificacións maiores que se autorizasen, ao cal se refire o artigo 70.4, amplíase até o 15 de maio de 2021.

3. O prazo en que os beneficiarios deberán xustificar e solicitar o pagamento da operación global de investimento ou da actuación correspondente conforme o calendario de execución aprobado, ao cal se refire o artigo 73, amplíase até o 1 de xullo de 2021, ben que a autoridade competente da comunidade autónoma poderá considerar outros prazos máis restritivos.

4. O prazo para que as comunidades autónomas comuniquen á Dirección Xeral da Industria Alimentaria de Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os adiantos de execución de actuacións inicialmente previstas, ao cal se refire o artigo 73, amplíase até o 9 de xullo de 2021.

5. O prazo de comunicación polas comunidades autónomas á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación das necesidades de financiamento para o exercicio financeiro 2022 na

medida de reestruturación e reconversión de viñas, mencionado no artigo 33.1, finalizará en 2021 o 21 de maio, inclusive.»

Vinte e sete. O anexo XXV queda redactado da seguinte forma:

### «ANEXO XXV

#### Datos mínimos que remitirán as comunidades autónomas

##### *Lista de parcelas seleccionadas e ordenadas*

Comunidade autónoma:								
Exercicio financeiro:								
Data de comunicación:								
PUNTUACIÓN (*)	IDENTIFICACIÓN PARCELA	DATA DE REXISTRO ENTRADA	HORA DE REXISTRO ENTRADA (**)	NIF SOLICITANTE	SUPERFICIE PARCELA	RETIRADA POTENCIAL DE VIÑO (hl) estimado de retirada	Axuda estimada (€/ha)	Axuda estimada total (€)

(\*) Os datos remitidos pola comunidade autónoma neste anexo deberán estar ordenados de maior a menor puntuación. Segundo establece o artigo 80, ningunha parcela poderá ter unha puntuación maior de 28.

(\*\*) Deberanse indicar a hora, o minuto e o segundo do rexistro de entrada.»

Vinte e oito. Engádense un novo anexo XXVI, co seguinte contido:

### «ANEXO XXVI

#### Información mínima do informe anual de aplicación da medida de colleita en verde

- Gasto total da Unión.
- Gasto total dos beneficiarios.
- Número de beneficiarios.
- Contribución media da unión por beneficiario.
- Número de operacións (parcelas).
- Contribución media da unión por operación.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES